

Curso de orientadores

O día 29 de Novembro de 2008 a asociación AGADIX estivo invitada, en calidade de panel de expertos que atenden ao alumnado con NEAE e familias, no curso de formación inicial para o desenvolvemento da función orientadora celebrada no Museo Pedagóxico de Santiago de Compostela. O devandito curso foi organizado pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación.

Este ía dirixido a persoas que ocupan por primeira vez a xefatura do departamento de orientación en centros de educación infantil e primaria, e un dos seus obxectivos era dar a coñecer asociacións que atenden a alumnado con NEAE e ás súas familias para establecer canles de comunicación entre estas e os centros educativos.

AGADIX estivo nesta xornada acompañada por outras asociacións galegas como Autismo Galicia, FADEMGA FEAPS Galicia, FAXPG e fundación INTEGRAL.

¡Grazas por esta oportunidade de darnos a coñecer!